




XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE



Autoformación en Competencias Clave  
**Manual para o  
uso da aula virtual**


dentro do Campus Virtual de Emprego



# Índice

1. Aspecto xeral da aula virtual
  - 1.1. Elementos e configuración básica
  - 1.2. Configuración do perfil persoal
2. Consulta e estudo dos contidos
  - 2.1. Formato SCORM
  - 2.2. Formato PDF
3. Exercicios dos temas
  - 3.1. Realización dos cuestionarios
  - 3.2. Descarga dos boletíns e solucións
4. Modelos de exame
  - 4.1. Modelo de exame e modelo de exame oficial
  - 4.2. Descarga de exames e solucións
  - 4.3. Vídeo. Corrección do exame oficial
  - 4.4. Banco de exames
5. Anexo I: configuración do navegador

## 0. Presentación e benvida á autoformación en Competencias Clave



The screenshot shows the main page of the 'Autoformación en Competencias Clave' platform. At the top, there's a header with the Xunta de Galicia logo, the title 'CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE', and a search bar. Below the header, there's a navigation menu with links to 'Inicio', 'Taboleiro', 'Eventos', and 'Os meus cursos'. A large banner image shows hands working on a table with various papers and markers. The main content area is titled 'Campus Virtual de Formación para o Emprego' and contains several course cards. Each card includes the Xunta de Galicia logo, the course name, its level (NIVEL 3 or NIVEL 2), and a brief description. For example, there are courses like 'Comunicación en Lingua Inglesa' (NIVEL 3) and 'Competencia Matemática' (NIVEL 3). On the right side of the page, there's a sidebar with a 'Calendario' section showing a December 2022 calendar and a 'Menú principal' section with links to 'Novas do sitio', 'Navegación', and 'Todos os cursos'.

Antes de comenzar a explicar o funcionamento e funcionalidades da aula virtual no espazo de autoformación en Competencias Clave dentro do Campus Virtual de Emprego, **queremos darche a benvida e animarte** no teu proceso formativo para prepararte de cara a participar nas probas libres para a acreditación das competencias clave que sexan do teu interese.

Agardamos que esta formación que estás a piques de comenzar che resulte non só de interese, senón de utilidade dentro do teu proceso de busca activa de emprego, e no teu desenvolvemento profesional.

Lembra que desde a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade sempre estamos á túa disposición para apoiarte cos nosos servizos, de cara á túa inserción e mellora laboral.

### IMPORTANTE:

Lembra que esta formación está disponible para que poidas prepararte ao teu ritmo e de acordo coas túas necesidades para as probas libres de Competencias Clave que convoca a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pero **en ningún caso realizar esta formación implica a obtención da Competencia Clave correspondente**.

**Nota:** as imaxes que se mostran poden diferir en función do navegador empregado, a súa versión e personalización.




## 1. Aspecto xeral da aula virtual

### 1.1. Elementos e configuración básica

### 1.2. Configuración do perfil persoal

## 1. Aspecto xeral da aula virtual



Cando accedas á aula virtual verás que no bloque central da túa pantalla (identificado como 1 na imaxe) aparecen os **recursos didácticos do curso**, e na marxe dereita (identificado como 2 na imaxe) aparecen os **menús de navegación**.

O bloque central **podes ampliar ou reducilo en anchura** premendo sobre o botón "Pantalla completa" (identificado como 3 na imaxe). Se aínda así precisas ampliar máis o tamaño da parte central para axustala ao tamaño do teu dispositivo, premendo no botón "Agochar bloques" (identificado como 4 na imaxe) **podes ampliar áinda máis a anchura** do bloque de recursos, para una mellor visibilización. Para desfacer calquera destas accións e volver á configuración orixinal, simplemente tes que **premer de novo no botón** respectivo.

Os recursos didácticos do curso están formados por:

- **Contidos teóricos**, estruturados en temas.
- **Cuestionarios** relativos ao temas, para que avalíes os teus coñecementos.
- **Boletíns de exercicios con solucións**, para que practiques a maiores.
- Modelos de **exames como os que se realizan nas probas libres** da competencia clave, con solucións e con exemplos reais de convocatorias anteriores.

Nos seguintes apartados poderás ver como funciona cada un deles.

## 1.1. Configuración básica

The screenshot shows the Campus Virtual de Emprego interface. On the left, there's a sidebar with a red border containing a navigation menu. The menu includes: Navegación, Taboleiro, Inicio do sitio, Páxinas do sitio, Os meus cursos (with CLI-N3 expanded), Participantes, Competencias, Cualificacións, Xeral, Tema 1. Presente simple e continuo, Tema 2. Pasado simple/pretérito imperfecto, Tema 3. Presente perfecto, pretérito perfecto, per..., Tema 4. O substantivo. Futuro. Pronomes interrogat..., and Tema 5. O imperativo. Preguntas de obxecto e suxeito. Below this is a section for PDFs. On the right, a main content area shows a navigation menu with a red circle labeled '1' over the user icon. The menu items include: Navegación, Taboleiro, Inicio do sitio, Páxinas do sitio, Os meus cursos (with CLI-N3 expanded), Participantes, Competencias, and Cualificacións. Below this is a list of topics: Tema 1. Presente simple e continuo, Tema 2. Pasado simple/pretérito imperfecto, Tema 3. Presente perfecto, pretérito perfecto, per..., Tema 4. O substantivo. Futuro. Pronomes interrogat..., Tema 5. O imperativo. Preguntas de obxecto e suxeito, Tema 6. Verbos modais. Pedir e dar dirección, Tema 7. Voz pasiva: presente e pasado. O artigo, Tema 8. Oracións condicionais, Tema 9. Discurso directo e indirecto, Tema 10. Adverbios. Comparación. Facer invitacións, and Tema 11. Adverbios. Formación e comunicación.

Premendo sobre a icona con forma de persoa (identificada como 1 na imaxe), e xunto a que aparecerá o teu nome, poderás despregar as opcións de configuración da aula virtual.

Desde aquí poderás:

- **Ver o teu perfil** no Campus Virtual de Emprego.
- **Editar e modificar** o teu perfil para completar a información que figura nel.
- Ver as túas **cualificacións** nas probas do curso. Lembra que estas cualificacións son simplemente un apoio para que poidas autoavaliar o teu progreso na adquisición de coñecementos, e non teñen validez de cara á superación da competencia.
- Cambiar as túas **preferencias** de idioma, notificación...
- **Saír da sesión**. Isto é especialmente importante cando estás a consultar o curso nun computador que non é o teu, para asegurar que a seguinte persoa que acceda non o faga coas túas credenciais.

Tamén, desde o menú de navegación poderás alternar entre os diferentes cursos que esteas a facer no Campus Virtual, ou acceder de xeito directo ás diferentes seccións que os compoñen.

## 1.2. Configuración do perfil persoal

The screenshot shows the 'Editar o perfil' (Edit profile) form in MoodleNet. The left sidebar contains sections for 'Xeral' (General) and 'Imaxe do usuario' (User image). The 'Xeral' section includes fields for Name, Surname, Address, Email, Presentar o correo (Check if I want my email address visible to other participants in the course), Perfil de MoodleNet, Ciudad/Vila (City/Town) set to Santiago de Compostela, Selecciona un país (Select a country) set to España (Spain), and Fuso horario (Timezone) set to Europa/Madrid. The 'Imaxe do usuario' section shows a placeholder for 'Ningún' (None) and a file upload area for 'Pícheiros' (Attachments) with a note to drag files here. Below these are optional sections for Descripción da imaxe (Image description), Nomes adicionais (Additional names), Intereses (Interests), and Opcional (Optional). At the bottom are 'Actualizar o perfil' (Update profile) and 'Cancelar' (Cancel) buttons.

Seleccionando a opción “Editar o perfil” que vimos anteriormente, desprégase en pantalla un formulario no que podes modificar os teus datos rexistrados no campus Virtual.

Hai certos campos dentro do perfil que son obligatorios e, polo tanto, teñen que conter información. Son aqueles que están identificados cun punto vermello, e constitúen o conxunto de datos mínimos do teu perfil. O resto de datos, os voluntarios, poderás ou non indicalos, de acordo coas túas preferencias.

Ten en conta que a información persoal que inclúas no teu perfil pode ser vista a través do menú “Participantes” por outras persoas que fagan a mesma formación que ti estás a facer (e, do mesmo xeito, ti poderás ver a información que indiquen no seu perfil outras persoas que estean a facer o mesmo curso).



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE

## 2. Consulta e estudo dos contidos

### 2.1. Formato SCORM

### 2.2. Formato PDF

## 2. Consulta e estudo dos contidos

Tema 1. Presente simple e continuo

Contidos

**1** → **Tema 1. Presente simple e continuo**

Unha vez que completes o estudo dos contidos neste enlace, poderás descargalos en formato PDF ao teu computador.

**NOTA:** o paquete SCORM ábrese nunha fiesta emerxente. Se ao pulsar no enlace non se abre unha nova fiesta, revisa a configuración do teu navegador para permitir ventanas emerxentes desde o Campus Virtual de Emprego.

**2** → **Tema 1. Presente simple e continuo**

**Restrinido** Non dispoñibel ata que: Consegues a puntuación requerida

Cada tema ten dispoñibles os contidos en **formato SCORM** e en **formato PDF**.

- O **formato SCORM** (identificado como 1 na imaxe) é un formato específico para plataformas de teleformación, só está dispoñible en liña (ou sexa, con conexión a Internet) e mantén un rexistro do avance que realiza cada persoa, de forma que á seguinte vez que acceda ao curso saberá en que punto quedou no estudo.
- O **formato PDF** (identificado como 2 na imaxe) permite a súa descarga ao computador persoal de cada persoa, e permite o seu repaso e estudo fóra de liña (ou sexa, sen requisitar conexión a Internet).

Para favorecer o seguimento do progreso de cada persoa matriculada no curso, os contidos en PDF de cada tema **están inicialmente restrinxidos**, de forma que **o estudo debe realizarse no ficheiro SCORM**. Ao completar o estudo do SCORM dun tema, **o PDF do tema correspondente desbloqueárase de xeito automático**, quedando entón habilitado para a súa descarga.

Nas páxinas seguintes describese polo miúdo a forma de realizar o acceso e o seguimento do estudo dos contidos en ambos formatos, tanto SCORM como PDF. Non obstante, e como recomendación xeral, debe terse en conta o seguinte:

**Para un óptimo seguimento do curso e para unha mellor funcionalidade, recoméndase empregar os navegadores Google Chrome ou Mozilla Firefox (sempre na última versión dispoñible). Empregar outros navegadores pode supoñer que algunas das funcionalidades da aula virtual non funcionen correctamente.**

## 2.1. Formato SCORM

**Tema 1. Presente simple e continuo**

Unha vez que completes o estudo dos contidos neste enlace, poderás descargalos en formato PDF ao teu computador.

**NOTA:** o paquete SCORM ábrese nunha fiestraemerxente. Se ao pulsar no enlace non se abre unha nova fiestra, revisa a configuración do teu navegador para permitir ventanasemerxentes desde o Campus Virtual de Emprego.

Número de intentos permitidos: Sen límite  
 Número de intentos realizados: 2  
 Cualificación por intento 1: 3  
 Cualificación por intento 2: 1  
 Método de cualificación: Intento máis alto  
 Cualificación informada: 3

Contidos

- Tema 1. Presente simple e continuo
  - Tema 1. Presente simple e continuo
    - 1. Presente simple e continuo
    - 2. Números cardinais

Modo:  Vista previa  Normal

**1**   
**2** 

**Tema 1. Presente simple e continuo**

**1. Presente simple e continuo**

Se algunha vez te empêchase a estudar inglés, recordártelle que unha das primeiras cousas que che ensinaron foi o verbo to be. Cabe preguntarse cal é a súa utilidade e por qué sempre se principia por el.

As estruturas con este verbo serven para poder comunicar varios aspectos imprescindibles na comunicación, como por exemplo dizer o seu nome, de onde é, a súa profesión ou como se senta. Pero tamén pode describir as súas características.

Os verbos que se empregan para describir profesión son: the teacher, the professor, the lawyer, the doctor, etc.

Mesmo verbo, pero diferentes significados. Como por ejemplo, informárnos en temas relacionados normalmente con interlocutores do noso propio idioma. Por exemplo, en gallego aditámos usar o verbo "ter" para dizer "n'ha fío", mentres que en inglés tamén se emprega o verbo to be, mas così.

A pesar das dificultades que poda entorpecer o aprendizaxe da lingua inglesa, tes que ter en conta que non vas empezar de cero porque molas das palabras inglesas que se utilizan na vida diaria xa debes recordarlas confechadas, ainda que non sexas consciente diso ou non as estudaras nunca. O idioma inglés está na publicidade, nas cancións, entre outros ámbitos. Podemos atopar: bus, burger, parking, taxi, steps, pub, Johnson, local, marketing, manager, coffee break, club, sandwichs, bacon, hobby, tennis, mazadas, deportes, profesións, hobbies, profesións, deportes, temas, idiomas, etc. angle, jazz, rock, blues, ready, show, thriller, celebry, ou no ámbito deportivo: tennis, basketball, hockey, golf ou volleyball.

Por suposto, tamén, no mundo da tecnoloxía, internet ou a informática moderna: blog, chat, web, Meebo, web, mello...  
 A todo isto temos outra ventaxe que engadir: O inglés é un idioma que posúe un vocabulario moi extenso, en redor de 200 000 palabras. Poco ben, dize que un 65% desses termos provén do latín. O certo é que estas porcentaxes varían e poden chegar desde un 85% no inglés científico ou culto, a un 55% no inglés máis coloquial. E dicir, unha gran porcentaxe das palabras do inglés ten a mesma raíz que as nosas, o que facilita a comprensión de textos.

**3**   
**4** 

Ao pulsar sobre o enlace do SCORM, accedese a unha páxina que amosa a estrutura do tema e onde pode verse, mediante o recadro que aparece xunto a cada apartado (identificado como 1 na imaxe) o estado de avance no estudo dos contidos.

(NOTA: no exemplo da imaxe, o apartado primeiro aparece marcado como visto, mentres que os dous restantes figuran como pendentes).

Para acceder aos contidos do tema e continuar co estudo, podes premer sobre o título do apartado do teu interese (leva directamente ao apartado), ou premer no botón "Introducir" (identificado como 2 na imaxe, e que leva ao inicio do contido).

### IMPORTANTE:


Os contidos do SCORM ábrense nunha xanelaemerxente. Se ao pulsar no botón "Introducir" non aparecen os contidos e móstrase unha mensaxe de que xa rematou de ver o recurso, isto débese a que **o navegador bloqueou a apertura da xanelaemerxente**.

No caso de que isto aconteza, consulta no Anexo I deste manual os pasos para **actualizar a configuración do teu navegador**.

Navega polos contidos do SCORM empregando o menú da esquerda (identificado como 3 na imaxe), ou os botóns de acción que aparecen no fondo da páxina (identificados como 4 na imaxe).

A medida que avances de páxina, gardarase automaticamente o teu progreso.

## 2.2. Formato PDF



Tema 1. Presente simple e continuo

Contidos

**Tema 1. Presente simple e continuo**

Unha vez que completes o estudo dos contidos neste enlace, poderás descargarlos en formato PDF ao teu computador.

NOTA: o paquete SCORM abrese nunha fiestra emergente. Se ao pulsar no enlace non se abre unha nova fiesta, revisa a configuración do teu navegador para permitir ventanas emergentes desde o Campus Virtual de Emprego.

1

Restringido Non dispoñible ata que: Consegues a puntuación requerida en {§ a}

Tema 1. Presente simple e continuo

Contidos

**Tema 1. Presente simple e continuo**

Unha vez que completes o estudo dos contidos neste enlace, poderás descargarlos en formato PDF ao teu computador.

NOTA: o paquete SCORM abrese nunha fiestra emergente. Se ao pulsar no enlace non se abre unha nova fiesta, revisa a configuración do teu navegador para permitir ventanas emergentes desde o Campus Virtual de Emprego.

2

**Tema 1. Presente simple e continuo**

Inicialmente, **o formato PDF dos contidos aparece restrinxido** (identificado como 1 na imaxe) e non permite a súa visualización ou descarga. Neste caso, o título aparece en cor gris claro e non permite premer nel.

Non obstante, así que se avance o estudo dos contidos no SCORM dun tema, **de xeito automático se desbloquea** o seu PDF (identificado como 2 na imaxe). Neste caso, o título aparece coa cor habitual para os enlaces do tema e permite premer nel, quedando a partir dese momento dispoñible para visualización, consulta e descarga ao computador persoal.

Para acceder ao contido en PDF unha vez habilitado só hai que premer sobre o título.

Unha vez aberto o PDF, este pode descargarse ao computador persoal empregando a opción de descarga do navegador (identificado como 3 na imaxe).

Para volver á páxina de contidos do curso, emprega o control de retroceso de páxina no teu navegador (identificado como 4 na imaxe).



## 3. Exercicios dos temas

**3.1. Realización dos cuestionarios**

**3.2. Descarga dos boletíns e soluciones**

### 3. Exercicios dos temas

#### Exercicios

##### 1 → Cuestionario do tema 1

! Non se intentou

Unha vez que completes a revisión e estudo dos contidos do tema, realiza este cuestionario en liña para valorar a túa aprendizaxe. Unha vez superado este cuestionario poderás descargarlo en formato PDF xunto con algunas preguntas adicionais e as súas solucións, para posteriores referencias.

##### 2 → Boletín de exercicios do tema 1

**Restrixido** Non dispoñibel ata que: Consegues a puntuación requerida en Cuestionario do tema 1

##### Solucións aos exercicios do tema 1

**Restrixido** Non dispoñibel ata que: Consegues a puntuación requerida en Cuestionario do tema 1

Cada tema ten asociado un cuestionario de autoavaliación para que poidas verificar os teus progresos na materia e a adquisición dos coñecementos necesarios, xunto cun ficheiro PDF co boletín de exercicios, acompañado das súas correspondentes solucións.

- O **cuestionario de autoavaliación** (identificado como 1 na imaxe) debe realizarse na propia plataforma (ou sexa, require de conexión a Internet), é de corrección automática e poderás realizarlo tantas veces como desexes (ten en conta que as respostas poden variar dunha tentativa a outra). A cualificación do cuestionario será a máis alta que obteñas nos teus intentos.
- O **boletín de exercicios e as solucións en PDF** (identificados como 2 na imaxe), ademais das preguntas do cuestionario, contan con exercicios adicionais para que poidas profundar na práctica do tema. Non obstante, e de xeito análogo ao que acontece cos contidos, o **acceso aos boletíns en formato PDF está inicialmente restrinxido**, e precisas obter unha puntuación de 5 ou superior no cuestionario do tema para que, de xeito automático, se desbloquee o seu acceso e se habilite a súa descarga.

## 3.1. Realización dos cuestionarios

### Cuestionario do tema 1

Unha vez que completes a revisión e estudo dos contidos do tema, realiza este cuestionario en liña para valorar a túa aprendizaxe. **Unha vez superado este cuestionario poderás descargarlo en formato PDF xunto con algunas preguntas adicionais e as súas solucións, para posteriores referencias.**

Método de cualificación: Cualificación máis alta

**1** → Intentar a proba agora



Os cuestionarios dos temas teñen que realizarse necesariamente na propia aula virtual, e non teñen tempo determinado nin número de tentativas limitado. Iso si, unha vez que comeces unha tentativa deberás rematala, non resultando posible pausala para retomala noutro momento.

Ao premer sobre o título do cuestionario lévanos á páxina de inicio do mesmo (ver imaxe). O cuestionario iniciarase ao premer no botón “Intentar a proba agora” (identificado como 1 na imaxe).

O número de preguntas do cuestionario é variable, pero todos os cuestionarios puntúanse sobre 10 puntos.

As preguntas dos cuestionarios poden ser dos seguintes tipos:

- Selección múltiple cunha soa resposta correcta.
- Relacionar respostas.
- Verdadeiro ou falso.
- Premer e arrastrar respostas.
- Completar respostas.
- Seleccionar a resposta entre opcións predefinidas nun despregable.

### 3.1. Realización dos cuestionarios




Cuestionario do tema 1

Resumo do intento

Pregunta	Estado
1	Resposta gardada
2	Resposta gardada
3	Resposta gardada

**2** → **Volver a intentar**

**Entregar todo e finalizar**



Unha vez completado o cuestionario, pulsa o botón "Finalizar intento" (identificado como 1 na imaxe) para entregalo. Ao facelo, aparecerá unha xanela co resumo da túa tentativa, coas opcións de volver a intentalo ou entregar todo e finalizar (identificado como 2 na imaxe).

Se todo está correcto e pulsas en "Entregar todo e finalizar", pediráche confirmación de que é o que desexas fazer (identificado como 3 na imaxe) e, automaticamente, obterás os resultados da túa tentativa (identificado como 4 na imaxe).

Ademais poderás ver, resposta por resposta, cales acertaches e en cales tiveches erros, para que identifiques aqueles aspectos nos que debes mellorar.

**4** → **Arrancado o Estado Finalizado**  
**Concluído o Tempo levado 12 mins 56 segs.**  
**Puntuacións 34,00/34,00**  
**Cualificación 10,00 sobre 10,00 (100%)**


**Navegación da proba**  
 1 2 3  
[Finalizar revisión](#)

**Pregunta 1**  
 Correcto  
 Puntuación: 9,00 sobre 9,00  
[Marcar a pregunta](#)

**Completa as oracións, escribindo a resposta no espazo a continuación de cada unha. Usa o presente simple ou o presente continuo.**


I often (go) to the cinema. **Resposta**  
 Go

## 3.2. Descarga dos boletíns e solucións



**Competencias Clave**  
**Comunicación en Lingua Estranxeira [Inglés] – Nivel 3**  
**Tema 1. Presente simple e continuo**

**BOLETÍN DE EXERCICIOS**



**Exercicios**

**Cuestionario do tema 1**

! Non se intentou

Unha vez que completes a revisión e estudo dos contidos do tema, realiza este cuestionario en liña para valorar a túa aprendizaxe. Unha vez superado este cuestionario poderás descargarlo en formato PDF xunto con algunas preguntas adicionais e as súas solucións, para posteriores referencias.

**Boletín de exercicios do tema 1**  
Restringido Non disponíbel ata que: Consegues a puntuación requerida en Cuestionario do tema 1

**Solucións aos exercicios do tema 1**  
Restringido Non disponíbel ata que: Consegues a puntuación requerida en Cuestionario do tema 1

**Exercicios**

**Cuestionario do tema 1**

✓ Intentada(s) 1 de Decembro de 2022  
Realimentación disponible

Unha vez que completes a revisión e estudo dos contidos do tema, realiza este cuestionario en liña para valorar a túa aprendizaxe. Unha vez superado este cuestionario poderás descargarlo en formato PDF xunto con algunas preguntas adicionais e as súas solucións, para posteriores referencias.

**Boletín de exercicios do tema 1**  
Disponible

**Solucións aos exercicios do tema 1**  
Disponible

De xeito análogo ao visto para os contidos, inicialmente **o formato PDF dos boletíns de exercicios e as solucións aparecen restrinxidos** (identificado como 1 na imaxe) e non permite a súa visualización ou descarga. Neste caso, o título aparece en cor gris claro e non permite premer nel.

Non obstante, unha vez obtida unha puntuación de 5 ou máis no cuestionario correspondente, **de xeito automático se desbloquean** os ficheiros PDF (identificado como 2 na imaxe). Neste caso, o título aparece coa cor habitual para os enlaces do tema e permite premer nel, quedando a partir dese momento dispoñible para visualización, consulta e descarga ao computador persoal.

Para acceder ao contido en PDF unha vez habilitado só hai que premer sobre o título.

Unha vez aberto o PDF, este pode descargarse ao computador persoal empregando a opción de descarga do navegador (identificado como 3 na imaxe).

Para volver á páxina de contidos do curso, emprega o control de retroceso de páxina no teu navegador (identificado como 4 na imaxe).



## 4. Modelos de exames

### 4.1. Modelo de exame e modelo de exame oficial

### 4.2. Descarga de exames e solucións

### 4.3. Vídeo. Corrección do exame oficial

### 4.4. Banco de exames

## 4. Modelos de exames

### Modelo de exame

Nesta sección pode realizar modelos de exames semellantes aos oficiais para practicar. **Estes exames non teñen validez avaliativa para a superación da competencia clave e únicamente se inclúen como apoio ao material de estudo.** Unha vez supere estes exames modelo, poderá descargarse os mesmos con preguntas adicionais e as súas respostas, así como acceder a exemplos de exames reais de convocatorias anteriores para seguir practicando.

1 →  **Modelo de exame**

! Non se intentou

2 →  **Modelo de exame oficial**

! Non se intentou

 Vídeo: corrección do modelo de exame oficial

 **Restrinxido** Non dispoñible ata que: Consegues a puntuación requerida en **Modelo de exame oficial**

 Modelos de exame con soluciones

 **Restrinxido** Non dispoñible ata que: Consegues a puntuación requerida en **Modelo de exame**

 Modelo de exame oficial con soluciones

 **Restrinxido** Non dispoñible ata que: Consegues a puntuación requerida en **Modelo de exame oficial**

 Banco de exames

Neste cartafol podes acceder a exames oficiais de edicións anteriores da convocatoria desta competencia clave, para que poidas empregalos nas túas prácticas.

 **Restrinxido** Non dispoñible ata que:

- Consegues a puntuación requerida en **Modelo de exame**
- Consegues a puntuación requerida en **Modelo de exame oficial**

Cada curso dispón, cando menos, dun modelo de exame (identificado como 1 na imaxe) realizado a semellanza dos exames que se empregan na probas libres para a obtención da competencia clave correspondente, ademais dun modelo de exame dunha convocatoria real anterior (identificado como 2 na imaxe), para que unha vez que remates o estudo de todos os contidos do curso poidas completar a túa autoavalía de cara a poder presentarte coas maiores garantías de éxito, cando se realice a convocatoria, ás probas libres da competencia clave.

Os exames están dispoñibles en dous formatos:

- En **formato de cuestionario** (identificados como 1 e 2 na imaxe), que ten que ser realizado de necesariamente na aula virtual (ou sexa, require de conexión a Internet). Como no caso dos cuestionarios dos temas, unha vez realizado o exame na plataforma, e seguindo os mesmos pasos para a súa entrega, obterás de xeito inmediato o resultado. Non existe limitación de tentativas.
- En **formato PDF** (identificados como 3 na imaxe) que, como o resto de contidos PDF do curso, inicialmente **aparece restrinxido**. Unha vez obteñas unha puntuación de 5 ou superior no modelo de exame correspondente, automaticamente habilitarase a súa consulta e descarga.

## 4.1. Modelo de exame e modelo de exame oficial



**COMPRENSIÓN ESCRITA. LEA O TEXTO SEGUINTE E ESCOLLA A OPCIÓN CORRECTA.**

J. K. Rowling was born in Yate, Gloucestershire. Her father Peter Rowling worked as an engineer for Rolls Royce and her mother, Anne, was a French and half-Spanish. She got a sister called Diana. In 1961, Peter Rowling moved his family to the small village of Whitchurch and in 1973, the Rowling family moved again. After leaving Exeter University, where she studied French and Classics, she started work as a teacher but discontinued after becoming a writer.

**WAKAMURU ROBOT**

A Japanese company started selling a futuristic home robot on September 16th. Its name is Wakamuru, a humanoid robot that is 120 cm tall and weighs 45 kg. It is designed to help people do the housework - but only if you are rich! Because Mitsubishi Heavy Industries put 100 Wakamuru robots on sale at a price of \$150,000.

The idea came to the head of Japanese engineer Tomoyuki Rita. He says that Wakamuru has an independent personality and was designed in the shape of a human being so that it is not considered simply a machine with arms and hands. It is much more than that.

Wakamuru has an impressive number of features. It can recognize up to ten different people by name and has a vocabulary of 10,000 words. It can also navigate its way around the house. The Wakamuru will even explain the weather forecast and other information that will help them live better. The robot can also play with children, tell them stories, and it looks after the house when no one is at home because the master can see his or her house through Wakamuru's eyes - a camera - when he or she is at work or at the gym. So don't think twice! You can have the child you always wanted at the incredible price of \$150,000!

Choose the correct answer.

Pregunta 1 Ainda non ...

Navegación da proba

1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14

Finalizar intento ...

Navegación da proba


1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14

Os modelos de exame son idénticos, na súa estrutura, aos exames que se realizan de xeito oficial para a obtención da competencia clave correspondente. Deste xeito, presentan as seguintes características:

- Están compostos por 15 preguntas.
- Nos casos correspondentes (segundo sexa pertinente en función da competencia), poden aparecer no exame un ou dous textos sobre os que a continuación se realizan algunas das preguntas.
- As preguntas son de tipo test, con tres opcións posibles das que só unha é válida.
- Nos casos correspondentes (segundo sexa pertinente en función da competencia), unha das preguntas pode ser de tipo comentario de texto.

**NOTA:** no caso dos modelos de exame **en formato cuestionario**, e dado que son de corrección automática, as preguntas do tipo comentario de texto non se inclúen, xa que non admiten a devandita corrección de xeito automático. Polo tanto, neste formato e nestes casos, os modelos de exame só teñen 14 preguntas, en lugar das 15 regulamentarias. Non obstante, estas preguntas **si se inclúen nos modelos de exame en formato PDF**, xunto con directrices básicas para a corrección da súa resposta.

## 4.2. Descarga de exames e soluciones



The screenshot shows a PDF document titled "Modelo de exame oficial con soluciones" (Official Exam Model with Solutions) for "INGLÉS N3 (FCOV28)". The document is in Spanish and includes sections for "EXAME OFICIAL", "Certificados de profesionalidade nivel III.", "Competencias clave", "Proba escrital / Prueba escrita", and "Competencia lingüística: lingua inglesa". It contains several input fields for personal information like name and date, and a table with objectives and duration. At the bottom, there is a detailed description of the exam structure.

De xeito análogo ao visto para os contidos e os boletíns de exercicios, inicialmente **os formatos PDF dos modelos de exame con soluciones aparecen restrinxidos** e non permiten a súa visualización ou descarga. Neste caso, os títulos aparece en cor gris claro e non se permite premer sobre eles.

Non obstante, unha vez obtida unha puntuación de 5 ou máis no modelo de exame correspondente, **de xeito automático se desbloquean os ficheiros PDF**. Neste caso, o título aparece coa cor habitual para os enlaces do tema e permite premer nel, quedando a partires dese momento dispoñible para visualización, consulta e descarga ao computador persoal.

Para acceder ao contenido en PDF unha vez habilitado só hai que premer sobre o título. Dentro do ficheiro de exame, na última páxina, **inclúese a relación de respostas correctas** e, de ser requerido, as **indicacións para valorar a pregunta de comentario de texto**.

Unha vez aberto o PDF, este pode descargarse ao computador persoal empregando a opción de descarga do navegador (identificado como 1 na imaxe).

Para volver á páxina de contidos do curso, emprega o control de retroceso de páxina no teu navegador (identificado como 2 na imaxe).

## 4.3. Vídeo. Corrección do exame oficial

### Modelo de exame

Nesta sección pode realizar modelos de exames semellantes aos oficiais para practicar. Estes exames non teñen validez avaliativa para a superación da competencia clave e únicamente se inclúen como apoio ao material de estudo. Unha vez supere estos exames modelo, poderá descargarse os mesmos con preguntas adicionais e as súas respostas, así como acceder a exemplos de exames reais de convocatorias anteriores para seguir practicando.

 **Modelo de exame**

! Non se intentou

 **Modelo de exame oficial**

✓ Intentada(s) 1 de Decembro de 2022

⟳ Realimentación disponible

1

 **Vídeo: corrección do modelo de exame oficial**

 Modelos de exame con soluciones

 **Restringido** Non disponíbel ata que: Consegues a puntuación requerida en **Modelo de exame**

 **Modelo de exame oficial con soluciones**

 Banco de exames

Neste cartafol podes acceder a exames oficiais de edicións anteriores da convocatoria desta competencia clave, para que poidas empregalos nas túas prácticas.

 **Restringido** Non disponíbel ata que: Consegues a puntuación requerida en **Modelo de exame**

No caso específico do **modelo de exame oficial**, ao obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos, ademais de desbloquear a descarga do ficheiro PDF, habilita o acceso a un vídeo (identificado como 1 na imaxe) no que unha persoa titora corrixe o modelo de exame oficial de xeito pormenorizado, explicando cada pregunta, así como o proceso para a obtención da resposta correcta.

Premendo no título do vídeo ábrese a páxina para o seu visionado.

📁 > Taboleiro > Os meus cursos > CLI-N3 > Modelo de exame > Vídeo: corrección do modelo de exame oficial

### Vídeo: corrección do modelo de exame oficial



Competencias clave  
Comunicación en Lingua Inglesa **Nivel 3**  
Corrección do modelo de exame oficial

## 4.4. Banco de exames

### Modelo de exame

Nesta sección pode realizar modelos de exames semellantes aos oficiais para practicar. **Estes exames non teñen validez avaliativa para a superación da competencia clave** e únicamente se inclúen como apoio ao material de estudo. Unha vez supere estes exames modelo, poderá descargarse os mesmos con preguntas adicionais e as súas respuestas, así como acceder a exemplos de exames reais de convocatorias anteriores para seguir practicando.

#### Modelo de exame

- ✓ Intentada(s) 1 de Decembro de 2022
- Realimentación disponible

#### Modelo de exame oficial

- ✓ Intentada(s) 1 de Decembro de 2022
- Realimentación disponible

#### Vídeo: corrección do modelo de exame oficial

#### Modelos de exame con soluciones

#### Modelo de exame oficial con soluciones

#### Banco de exames

Neste cartafol podes acceder a **exames oficiais de ediciones anteriores** da convocatoria desta competencia clave, para que poidas empregalos nas túas prácticas.

1


Para rematar, unha vez obteñas unha puntuación igual ou superior a 5 puntos en ambos modelos de exame, **habilitarase para a súa consulta e descarga o banco de exames** (identificado como 1 na imaxe), onde poderás atopar modelos de exame de convocatorias pasadas dessa competencia para que poidas practicar máis pola túa conta.

Podes acceder a cada exame premendo sobre o título da convocatoria, ou descargarlos todos premendo no botón "Descargar cartafol" (identificado como 2 na imaxe).

» Taboleiro > Os meus cursos > CLI-N3 > Modelo de exame > Banco de exames

### Banco de exames

Neste cartafol podes acceder a **exames oficiais de ediciones anteriores** da convocatoria desta competencia clave, para que poidas empregalos nas túas prácticas.



2

Descargar cartafol



## Anexo I. Configuración do navegador


### A.I.1. Configuración de Google Chrome

### A.I.2. Configuración de Mozilla Firefox


## A.I.1. Configuración de Google Chrome

Para habilitar as xanelas emergentes do Campus Virtual de Emprego en **Google Chrome**, deben seguirse os seguinte pasos:


- 1** Na esquina superior dereita pulsar na icona con forma de tres puntos para acceder ao menú e seleccionar "Configuración"




- 2** Na nova pantalla, seleccionar "Privacidad e seguridad" e, dentro desta opción, "Configuración del sitio"



- 3** Seleccionar "Ventanas emergentes e redireccións"



- 4** Na nova pantalla que aparece, dentro da opción "Comportamientos personalizados", buscar "Pode enviar ventanas emergentes e usar redireccións", premer no botón "Engadir" e pegar o enderezo do Campus Virtual de Emprego.




<https://campusvirtualemprego.xunta.gal/>


## A.I.2. Configuración de Mozilla Firefox

Para habilitar as xanelas emergentes do Campus Virtual de Emprego en **Mozilla Firefox**, deben seguirse os seguinte pasos:


**1** Na esquina superior dereita pulsar na icona con forma de tres raias para acceder ao menú e seleccionar "Configuración"



**2** Na nova pantalla, seleccionar "Privacidade e segurança". Dentro desta opción, buscar "Bloquear xanelas emergentes" e premer sobre o botón "Excepcións".



**3** Na nova pantalla que aparece, dentro do campo "Endereço do sitio web" pegar o enderezo do Campus Virtual de Emprego e premer no botón "Gardar cambios".



<https://campusvirtualemprego.xunta.gal/>



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE